



Manifesto da Plataforma cidadá "Vivir Ponteareas"

Páxina 2

Nova web de turismo de Salvaterra

Páxina 4

Ponteareas aproba rebaixar as taxas das terrazas nun 95%

Páxina 6

Especial Corpus

Páxinas 7, 8 e 9

Entrevista a Roberto Mera

Páxina 10

Mondariz inviste 363.000 euros do Plan Concellos

Páxina 12

As empresas de recollida de lixo na Cañiza amenazan co corte do servizo

Páxina 13



Gonzalo Caballero, en Ponteareas, arroupado por familiares e veciños da infancia

Páxina 2

Portugal - Alto Minho

Ponte de Lima
apresenta ao público
o projecto "A Mesa
dos 4 Abades"

Páxina 14

Passadiço de madeira
vai ligar centro
histórico ao Parque
das Caldas de Monção

Páxina 15

Início da construção
da nova ligação
rodoviaria do Parque
de Formariz à A3

Páxina 15

AECT Rio Minho
apresentou medidas
compensatorias

Páxina 16

Vinoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro, 12
Ponteareas
694 416 706

**A CASA
da TRICIA**

a túa casa desde 1927

Cervexas . Embutidos . Tostas . Ensaladas
Hamburguesas . Vegano . Conservas

Praza Maior . Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

Manifesto da Plataforma cidadá “Vivir Ponteareas” Por unha nova vila para as persoas

Ponteareas é a vila na que todos e todas nós decidimos vivir. Por iso aspiramos a que o lugar no que residimos, onde mercamos, onde traballamos, por onde paseamos ou no que criamos aos nosos fillos e fillas nos ofrezca a maior a calidade de vida posible.

As persoas que temos ese desexo común decidimos organizarnos na plataforma “Vivir Ponteareas” para lograr un obxectivo: converter Ponteareas nunha nova vila sustentable, saudable e máis humana, na que as persoas sexan as protagonistas.

Durante décadas a vila concibiuse como un lugar pensado para os vehículos e non para as persoas. O coche apropiouse da maior parte do espazo público, mentres as persoas foron relegadas a espazos marxinais. Case o 80% do espazo público en Ponteareas está destinado aos vehículos, mentres as persoas deben camiñar por beira-

rrúas estreitas e cheas de atrancos ou incluso pola calzada cando aquelas nin existen. O pouco espazo para as persoas incluso é ocupado por vehículos que estacionan sobre pasos de peóns, sobre beirarrúas, en prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida ou en zonas peonís.

É necesario cambiar por completo esta situación e recuperar o espazo público para as persoas, para a xente maior e os nenos e nenas, para as persoas con mobilidade reducida ou para os ciclistas. É urxente promover a mobilidade a pé e en bici en Ponteareas. É preciso cambiar os hábitos dos condutores e condutoras que saturan o centro usando o vehículo innecesariamente e por comodidade. Usar os aparcadoiros públicos e camiñar uns poucos minutos por unha vila tranquila ata o destino debe ser a nova forma de vivir Ponteareas.

Nos últimos tempos o Concello ven realizando algunhas accións nesa dirección, pero son claramente insuficientes. É moi necesario e urxente ir a máis, ser máis ambiciosos. Por iso demandamos diante do goberno local:

-A ampliación dos espazos para as persoas: máis zonas peonís e beirarrúas máis anchas, con mobiliario urbano para a estancia e o descanso das persoas e con zonas verdes sombreadas e axardinadas.

-A eliminación das barreiras arquitectónicas que exclúen a numerosas persoas do acceso e disfrute do espazo público.

-A mellora da seguridade, reducindo riscos en lugares como os pasos de peóns e reducindo a velocidade máxima permitida en zona urbana.

-Maior vixilancia e actuación por parte da Policía Local para que os condutores e condutoras respecten os nosos dereitos como



peóns ou como persoas con mobilidade reducida.

-Incentivar e promover a mobilidade a pé e en bicicleta, ademais do transporte público.

Levar a cabo estas medidas farán de Ponteareas unha vila mellor: máis accesible para todos e todas, máis humana e agradable, máis saudable e con menos contaminación acústica e atmosférica, máis confortable e máis sociable, favorecendo o encontro social, máis segura para as persoas, con máis e mellor actividade comercial e máis atractiva para todos e todas nós e para as persoas que nos visitan.

Ponteareas é un lugar ideal para vivir se cambiamos a actual situación. Temos unha magnífica vila

para camiñar ou para movérmonos en bicicleta: todo está moi preto, incluídos os aparcadoiros públicos, e apenas existen pendentes.

Vivir Ponteareas anima ao Concello a actuar con decisión e valentía no obxectivo de converter ás persoas nas protagonistas da vila. E para iso queremos achegar as nosas ideas e as nosas propostas e, polo tanto, que se conte con nós á hora de realizar proxectos de humanización ou de adoptar medidas de regulación do uso do espazo público polas persoas e os vehículos.

Compartimos as medidas tomadas nos últimos tempos de mellora dalgunhas rúas ou de redución do límite de velocidade no centro urbano dando prioridade na calzada aos peóns. Obras como a do Paseo Matutino, a nova praza do Mercado e Auditorio, que reclamamos como completamente peonil, e a rúa San Roque, pendente de finalización, son unha mostra do que Ponteareas necesita. Os proxectos de humanización xa aprobados como a Rúa Redondela, a Praza de Bugallal ou a contorna do complexo deportivo Álvaro Pino van na mesma dirección.

Pero non nos conformamos e queremos máis e para conseguilo facemos un chamamento a todas as persoas que comparten este desexo a unirse a Vivir Ponteareas. Xuntos poderemos facer de Ponteareas un lugar ideal para vivir.

Gonzalo Caballero en Ponteareas

Ponteareas foi o sábado 20 de xuño o centro de reunión dos socialistas da comarca do Condado-Paradanta. Ás 20:00h no Parque da Feira Vella tivo lugar un encontro organizado polo PSdeG-PSOE que foi o pistoletazo de saída na comarca de cara as eleccións autonómicas do 12 de xullo.

O acto foi presentado pola voceira e tenente de alcalde de Ponteareas, Chus Garrote. No acto interviron tamén os candidatos ao Parlamento por Galicia José Luis Fernández, Felipe González, Rubén Pérez, Isaura Abelairas e Paloma Castro, así como o secretario xeral do PSdeG-PSOE, David Regades. Pechou o acto o Secretario Xeral de Ga-

licia, o ponteareán Gonzalo Caballero.

Ademais do propio Gonzalo Caballero, Ponteareas conta con outro candidato ao Parlamento. Rubén Pérez, nado en Guláns, sindicalista de UGT-FICA Vigo, quen se presenta ás eleccións convencido de que en Galicia haberá un cambio. “Ponteareas o vindeiro 12 de xullo ten a oportunidade de deixar atrás o esquecemento ao que o ten sometido o PP e avanzar en temas importantes como o saneamento, a mellora da sanidade e a educación, así como o desbloqueo do plan urbanístico que permita o desenvolvemento social e económico do noso concello”, sinalou Rubén Pérez, candidato ponteareán.



o remendón
CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SEUVEIRO OFICIAL
DuplimesX

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en Angulas e Lampreias, Poxas do Río,
Coca de Frango, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 960
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

milfollas

LIBRERÍA · PRENSA · PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



Escribir en Galicia é chorar

Si, xa sei que non son nada orixinal. Adiantóuseme Larra só que el falaba de Madrid. Estou seguro que de dar unha volta por este noso mundo volvería a repetir a frase. Tal vez engandíndolle algo máis, coma por exemplo “escribir en Madrid é chorar polos mortos que non tiveron quen chorara por eles”.

Eu non me vou poñer a chorar, obviamente. Nunca se me deu ben iso de soltar as bágoas con facilidade. Sempre me crin un tipo duro ata que chegou o momento da verdade. Ese momento cando sentes unha forte presión nas entrañas e non es quen de resistilo sen soltarte, sen deixarte ir e chorar abundantemente. Ocorreume a primeira vez cando morreu meu pai. Foi logo de volver de enterralo, cando xa todo o mundo estaba máis ou menos tranquilo cando eu, logo de facerme o forte durante os últimos días, tiven que saír á eira da casa e chorar amargamente. Aínda hoxe cando falo disto se me humedecen os ollos. Será que xa son moi vello. A segunda vez foi cando tiven que presenciar como metían nun oco dun panteón familiar o corpo sen vida da miña dona. Algo que me resultou insoprtable. Alí xa non me foi suficiente chorar en silencio. Tiven que gritar, preguntándome por que se ía así, daquela maneira trágica e inesperada. Despois de cinco longos anos sigo facéndome a mesma pregunta cada día, cada noite no soidade do noso leito. Perdoen, non podo seguir porque xa non vexo ben o teclado.

O que quería dicirles a todos vostedes era que nestes momentos, logo de que tantas persoas se foron sen que ninguén puidera chorar por elas, seguimos ensarillados nunha madeixa de despropósitos que non ten nin se lle ve futuro. Os nosos políticos non choran que berran. Insúltanse como pescantinas daqueles tempos que se puñan a parir disputándose a clientela. Non sabemos realmente que caste de persoas están ao mando deste

Pais. Hai veces que nos parecen razoables; logo, sen que veña moito a conto, lánzanse ao pescozo dos adversarios como fixera un león cando quere atrapar a súa presa.

En Galicia temos eleccións á vista. Estaban suspendidas polo bicho coroado ese; puxéronse de novo en marcha e xa somos testemuñas de como remata o tempo en que todos dicíamos había que

Resulta inviolable antes e despois de reinar. Claro, pero cando actúa ou actuou como rei ou sempre? Parece que sempre. Logo esta muller tiña razón. Se resultaba violada polo “emérito” a quen ía acudir? Agora sabemos que a lúa de mel dos actuais reis, tan modernos eles e tan pulcros, foi pagada por un “colega de regatas” do vello rei. Pouca cousa, algo máis de medio millón de euros. Claro que o

nos anuncian que non morreu, senón que estaba de carallada e os seus “fillos putativos” tráeno de novo ao congreso e as rúas. Fraga dixo “la calle es mía”, Abascal di “imos tomar o país”, pero en coche, que é máis cómodo.

En fin, que podemos seguir chorando en Galicia, en España, no mundo enteiro. As nosas bágoas só serven de alivio persoal cando saen soas, pola forza dos sentimentos, pola forza do amor. Por moito que nos laiemos polo que está pasando ninguén vai acudir no noso auxilio.


Galicia precisa un novo goberno. Esta afirmación debería ser compartida polo 99’9 % dos galegos, sen embargo parece ser que non é así.

Alguén dirá que os galegos e galegas somos ceibes para elixir a quen queiramos. Eu, visto o visto, diríalle que NON. Nestes momentos as eleccións persoais deixaron de selo cando todo o entramado arredor de internet nos fixo a cobra. Xa non decidimos nós. Deciden eles por nós. Polo tanto aqueles políticos que teñan o vento a favor (leaxe medios de comunicación pesebristas, practicamente todos) teñen os resultados asegurados. Os outros teñen que saír ao campo a xogar o partido aínda sabendo que árbitro e xuíces de liña están comprados. Incluso ese artiluxio que agora nos diverte tanto, o famoso VAR.

Outro día, con máis calma e menos melancolía, dareilles algúns datos curiosos, se non fora porque conforman a nosa vida sen o noso permiso, sobre como dende arriba (pero non dende o Ceo, tranquilos) se nos espía, se nos dirixe, se nos controla. “Marionetas en la cuerda”, lémbrense? Preciosa canción gañadora de eurovisión, se a memoria non me falla.

Sexan felices agora que estamos en desescalada (menudo palabro!!!), é tendemos a retomar a nosa vida, polo menos naquilo que nos permiten.

Sáudos a todos e voten ben; con V ou con B; como lles guste.



ir a unha. Bo, en realidade dicir dicíase pero no fondo poucos ou ningún o crían de verdade. Non é moco de pavo facerse coa Presidencia da Xunta. Cargo de moi alta estima para calquera político. Pode mandar, ordenar, avasallar e non ten consecuencias. Parece que lles dotamos dun manto “real” que os protexe de case todo. No caso da realeza, parece que de todo.

É curioso. Estes días lin un comentario que facía referencia as posibles falcatruadas do rei Emérito (menudo calificativo lle foron a buscar); unha muller preguntaba que se este señor podía violala e marcharse de “rositas” tan tranquilo, como os “gardiáns das esencias patrias” fixeron constar nos seus informes.

novo rei agora di que se sente moi mal ter gozado daquelas estupendas vacacións por países paradisíacos porque os cartos non eran do soldo de seu pai. Sería tan “imbécil” que non se decatara de nada. A súa irmá defendeuse do cárcere declarando diante do xuíz que non sabía nada do que facía o seu ínclito marido, hoxe no cárcere, pero con servizos especiais. Chámalle parva!! En fin, que Franco nos deixou todo “ben atadiño”; xa se dicía daquela que todo quedaba atado e ben atado. Certo. Agora as malas herbas agroman e saen coma foguetes a sentarse nas bancadas do Congreso. Se Arias Navarro saíu na televisión cheo de pena e comunicándonos que “Españoles, Franco ha muerto”, agora resulta que



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

Nova páxina web de turismo do Concello de Salvaterra de Miño

O Concello ven de presentar baixo o slogan, "Salvaterra de Miño un lugar para disfrutar, un lugar para vivir" a súa nova páxina web de turismo. Un espazo dinámico, sinxelo e moi intuitivo que busca ser un escaparate máis de todos os recursos que ofrece este Concello do Sur de Pontevedra, elaborada polo propio persoal da administración local.

Salvaterra é unha das zonas máis visitadas do sur de Pontevedra. Só o Parque público A Canuda atrae a miles de visitantes durante todo o ano; unido aos máis de 30km de sendas verdes polos diferentes ríos do Concello, ao Recinto amurallado, o Museo da Ciencia do Viño, a propia maxia que conleva ser unha Vila transfronteiriza e ao Espazo Termal Lúdico de Teans fan que Salvaterra de Miño non sexa soamente un Concello estratéxico en termos de turismo, senón



que sexa un dos Concellos que máis medra de toda a contorna.

A súa ubicación estratéxica, o seu clima e a súa calidade de vida fan que día a día sexan máis persoas as que veñen a vivir a este municipio da raia.

A páxina www.turismo.concellosalvaterra.org está dividida

en tres grandes bloques: Ven, coñece e visita, onde se presentan todos os recursos, a nosa gran riqueza cultural, histórica e patrimonial, ademais de darnos a coñecer os lugares onde durmir e disfrutar da nosa gastronomía.

Salvaterra lanza unha campaña de sensibilización co fin de conseguir uns hábitos hixiénicos á hora da xestión dos residuos

Baixo o lema "O lixo ten as horas contadas" o Concello de Salvaterra busca minimizar os inconvenientes que poden xerar os contenedores abertos no tempo de máis calor no Casco Urbano.

Sabemos que ante a situación xerada polo COVID-19 os nosos veciños e veciñas prefiren ter os contenedores abertos, pero iso supón un compromiso e uns bos hábitos por parte de todos e todas. Con esta campaña o que queremos facer é incidir na importancia que ten o horario que utilizemos para depositar o noso lixo, porque desta maneira evitaremos baixar a basura no horario de máis calor, onde se xeran os cheiros máis fortes provocados pola fermentación da propia basura.

Ademais é moi importante que o lixo que tiremos vaia



dentro de bolsas pechadas, que non tiremos enseres ou basura nas beirarrúas nin ao lado dos contenedores, en fin que sexamos respectuosos e así conseguiremos unha convivencia respectuosa co medio.

Por outra banda dende o Concello informan que nos próximos días colocarán cámaras no Punto

de Recollida de Enseres, xa que nas últimas semanas estase levando a cabo o abandono incontrolado de diferentes enseres e desperdicios que teñen que ir a xestores especializados nas portas do recinto, unha conducta intolerable por parte da poboación e que o Concello perseguirá baixo sanción económica

O Concello de Salvaterra únese aos actos conmemorativos do Día do Orgullo LGBT



A crise do COVID-19 obrigá-nos a modificar os actos que tiñamos pensado facer este ano entorno ao Día do Orgullo LGBT, que debido as circunstancias actuais estarán enfocadas as redes sociais.

No mes de xuño a bandeira LGBT estará colocada no balcón da Casa do Consistorial. Con este xesto o Concello quere dar visibilidade e loitar por unha sociedade máis xusta, igualitaria e diversa.

Ademais a partires do luns da semana que ven ábrese o prazo

para que todas as persoas poidan ser participes. Buscamos unha frase conmemorativa para colocar na última semana nas redes sociais e na pantalla informativa do Concello como imaxe central. Se queres participar so tes que enviar a túa frase a animacion@concellosalvaterra.org, do 8 ao 19 de xuño. A frase estará exposta do 22 ao 30 de xuño en redes.

A frase non pode ter máis de 30 caracteres. Dende o Departamento de Cultura e Servicos Sociais escollerase a frase gañadora.

O Concello dará axudas de 75 euros para material escolar infantil

Un ano máis o Concello de Salvaterra de Miño ven de aprobar as axudas de 75,00€ destinadas á adquisición de libros e material escolar de infantil, para o curso 2020-2021.

O obxecto destas axudas é promover o principio de igualdade no exercicio da educación e compensar ás familias con escasos recursos para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos, entendendo por tales a adquisición de libros e material escolar, dirixido a alumnos/as dos cursos

de Educación Infantil matriculados nos centros escolares do noso municipio.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 12 de xullo ao 28 de agosto de 2020, ambos inclusive. Os interesados deberán presentar as solicitudes acompañadas da documentación en Servicos Sociais, martes, mércores e xoves de 09.00h a 13.00h, previa cita telefónica no 697 911 050. Mais información, bases e modelo de solicitude en www.concellosalvaterra.com.

SALVATERRA

Máis de 30 establecementos adheriranse á plataforma de venta online Dbarrio

Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel Gómez, mantivo unha reunión cos presidentes das Asociacións de Comerciantes do municipio e o representante da plataforma de venta online a domicilio DBARRIO, co fin de definir os pasos e as fases para por en marcha esta plataforma, unha vez feita a primeira ronda de contacto co comercio local.

Na primeira fase o que se fixo por parte do Concello e das Asociacións foi dar publicidade da iniciativa e porse en contacto cos diferentes establecementos, que recibiron moi ben esta iniciativa, xa que inicialmente a plataforma vai a arrancar con máis de 30 locais adheridos.



Os representantes da plataforma tratarán directamente en contacto cos establecementos para empezar a subir todos os datos. Paralelamente irase traballando na campaña publicitaria para lanzar esta iniciativa, contando pola en mar-

cha nun par de semanas.

Esta iniciativa, xunto a entrega de material de desinfección e protección aos comercios englobase dentro da campaña de apoio e promoción do pequeno comercio que está realizando o Concello.

Novo horario do Punto de Recollida de Enseres

Modificáronse os horarios de apertura do Punto de Recollida de Enseres, que pasará a estar aberto todos os días, de luns a venres de 13.15 a 14.30 e os sábados de 11.00 a 12.00h. Todas as persoas que estén interesadas en depositar os seus enseres terán que solicitar cita previa, co fin de evitar aglomeracións.

Ademais dende o Concello de Salvaterra fan un chama-

mento ao civismo dos seus veciños e veciñas, recordando que por un lado a basura normal debémola depositar dentro dos contenedores e ben pechada, non enriba das tapas nin na beirarrúa, pensemos en todos e todas; e como non, o punto de Recollida é para recoller enseres, non para recoller material que necesita un reciclador específico, como restos de obra, neumáticos, aceites....

Actuacións no centro de homoxeneización de cobertura de TDT de Pazos de Borbén poderán afectar a parte de Salvaterra

Para cumprir co proceso de liberación do segundo dividendo dixital, a Xunta de Galicia está poñendo en marcha unha serie de actuacións para realizar os cambios necesarios nos centros de homoxeneización de cobertura do sinal de TDT. Será o luns 22 de xuño no centro de TDT de Pazos de Borbén. Este centro presta o servizo de difusión da TDT para parte da poboación de Salvaterra. O proceso consiste no apagamento neste centro das frecuencias de

emisión actual do múltiple RGE1, e o acendido na nova frecuencia asignada: Canle 24 (RGE1): TVE1, TVE1 HD, TVE2, TVE2 HD, Clan, 24H.

Para poder seguir disfrutando destas canles, os interesados deberán, en primeiro lugar, dispor da cobertura axeitada do devandito centro, podendo confirmar tanto o centro emisor como a calidade da cobertura por vía telefónica - 881 866 388 - ou na web <http://www.tdtgalicia.gal>.

Ampliación do IES Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra de Miño acolle con satisfacción a inversión de 583.046,30 euros aprobada no Consello da Xunta o pasado 12 de xuño. Este investimento está destinado á ampliación do IES Salvaterra para a dotación dos talleres de ciclo formativo demandados tanto pola comunidade educativa como polo propio Concello dende hai varios anos.

Con esta obra permitirase realizar dentro do propio centro as prácticas do alumnado, que neste momento están realizando nunha nave ubicada no Polígono Industrial Chan da Ponte e que financia o Concello, co fin de que os alumnos poidan seguir realizando os seus estudos. Estas obras estarán licitadas ao longo do mes de xuño e a execución das mesmas compatibilizaríase co curso escolar

2020/2021, cunha previsión de remate antes de fin de ano.

Ademais, nunha visita realizada ao municipio, o Xefe Territorial de Educación mostrou o seu compromiso firme para realizar neste verán as obras de acondicionamento da sede do CRA A Lagoa e a ampliación do patio cuberto no Infante Felipe, obras que quedaron pendentes a consecuencia do parón provocado polo COVID-19.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas aproba rebaixar as taxas das terrazas nun 95%

O Pleno extraordinario do Concello de Ponteareas, celebrado este martes, aprobou por unanimidade unha bonificación do 95% da taxa municipal de terrazas de hostalaría. “Unha medida de apoio á hostalaría diante da crise do coronavirus”, manifestou a concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, medida que previamente xa fora tratada nunha reunión cos representantes da hostalaría e cos portavoces de todos os grupos da Corporación Municipal.

Este cambio na normativa municipal estará vixente no que resta de 2020 e todo o ano 2021.



Unha medida que acompaña á relaxación na ampliación do espazo a ocupar na vía pública polas terrazas para que o sector poida cumprir as distancias da seguridade sanitaria co menor prexuízo para os negocios. “Que-

remos facilitar que se poidan manter ás mesas habituais, que agora precisan máis espazo, e contribuír á reactivación económica dos establecementos que estiveron pechados durante tres meses”

O Centro de Saúde de Ponteareas logra acreditación para docencia MIR/EIR e suma unha nova enfermeira especialista

A Xerencia da Área Sanitaria de Vigo anunciou novas melloras para o Centro de Saúde de Ponteareas. A primeira delas ten que ver co aumento do persoal de traballadores do centro sanitario, xa que incorporouse unha Enfermeira especialista en Atención Familiar e Comunitaria, por primeira vez na historia do centro.

Desde o PP de Ponteareas explican que “as Enfermeiras especialistas en Atención Familiar e Comunitaria son profesionais que teñen coñecementos específicos enfocados á realización de cuidados sanitarios avanzados, a planificación de actividades comunitarias a través de programas de Educación para a Saúde ou a vixilancia epidemiolóxica e ambiental, entre outras tarefas”. Este

novo incremento do persoal de traballadores, responde os reforzos realizados vinculados á COVID-19, para mellorar a nova organización da atención sanitaria, o seguimento de pacientes crónicos, e impulsar a implantación de TELEA (Plataforma de Tele-seguimento de pacientes desde o seu domicilio).

“Desde que existe o Centro de Saúde, esta será a primeira vez que conte cunha praza destas características, o que significa aumentar a calidade da atención sanitaria que ofrece todo o equipo de profesionais”, afirman os populares.

Esta nova incorporación de persoal sanitario súmase ás 9 realizadas no último ano, das que 3 foron para aumentar o persoal de traballadores cos que conta o

Centro de Saúde e PAC (1 Médico de Familia, 1 Enfermeira e 1 Enfermeira especialista-Matrona), e as outras 6 para mellorar a estabilidade do persoal.

Por último desde o PP, tamén agradecen o que supoñerá outro feito histórico para a sanidade Ponteareá, que é a acreditación como “docente” do Centro de Saúde de Ponteareas. Isto significará que a partir do próximo ano 2021 o Centro de Saúde terá outro importante aumento de persoal coa incorporación de MIR e EIR que poderán formarse na súa especialidade en Ponteareas. “Esta acreditación é bastante complicada de conseguir, pero finalmente grazas ao traballo da Xerencia e ao de todos os traballadores do Centro de Saúde”, finalizan os populares.

Nova farmacia en Ribadetea

O Partido Popular de Ponteareas comunica que a Xunta de Galicia acaba de adxudicar definitivamente unha nova oficina de farmacia para o noso Concello na parroquia de Ribadetea.

Os populares queren agradecer á Consellería de Sanidade a súa aposta pola mellora dos recursos sanitarios de Ponteareas. “Ás importantes melloras

en sanidade realizadas en Ponteareas nos últimos meses, como o aumento da plantilla de sanitarios do Centro de Saúde, e tamén a mellora do propio edificio, agora súmase unha nova oficina de farmacia no rural”, afirman os populares.

A titular da nova oficina de farmacia será María del Carmen López Crespo.

Ponteareas conta xa con “Comercio Seguro”

Tivo lugar a entrega dos primeiros selos de “Comercio Seguro”, enmarcada na campaña que desenvolve a asociación de comerciantes Banastra en colaboración coa Federación provincial de Comercio, Turismo e Mercados.



Este selo distinguirá a todo o pequeno comercio que aplica os protocolos hixiénicos sanitarios estipulados polas autoridades e administracións públicas.

Os primeiros establecementos en adherirse á esta campaña

de Comercio Seguro, na que a Federación Provincial conta co resplado da Xunta de Galicia, son El Rincón del Perfumista, Lencería Zoe, Mocosines, Librería Papiros, Melfran, Dána modas, El escondite de Montse e Silvia Costal estética.

ACiP pide solución para a limpeza de viais nas parroquias

O Concelleiro de ACiP Luís Rodríguez Cerdeira lembra que estamos ante unha situación inexplicable para os veciños, que ven que ano tras ano pasa



sempre o mesmo, algunhas estradas están intransitables, sendo un grave perigo para o tráfico de vehículos e para a seguridade dos peóns.

Todos somos conscientes de que este ano ante a situación de alarma sanitaria do COVID 19 podería haber algun atraso, que cabe lembrar que os traballadores do Concello só estiveron nas súas casas 21 días, co cal a situación é a de sempre, coa facilidade da limitación de movemento de vehículos que favorece o traballo de limpeza.

O Concello ten dous tractores os cales non se sabe onde están. Presumen nas pasadas eleccións da compra dun tractor por valor de 90.000 euros que non se sabe onde está, e segundo información sofre avarías constantemente, aí queda a xestión do Concello.

Levamos anos denunciado o

desmantelamento dos servizos municipais e aquí co persoal municipal onde só contrátase eventualmente traballadores por meses creando precariedade laboral, e máis nas prazas de condutores dos tractores, onde por ser unha maquinaria complexa e con singularidades concretas, teñen sempre que ser utilizadas polos mesmos condutores, pero con todo o goberno municipal fai todo o contrario, o cal provoca descoñecemento do modelo en concreto de máquina e avarías constantes da maquinaria.

Os Parques públicos, zonas verdes, estradas locais, todas necesitan unha verdadeira planificación e coordinación, e non, o que está a pasar é que empezan por unha banda, saltan a outro, e crean o malestar dos veciños que se preguntan por que aquel si e aquí non.

Un Corpus menos florido

A pandemia revolucionou as nosas vidas. Non só nos tivo, e nos ten, nas súas mans durante un confinamento ao que non estábamos acostumados, senón que deu ao traste con tódolos acontecementos importantes que pensabamos celebrar durante estes últimos meses.

O Corpus de Ponteareas e as súas alfombras foron unha das vítimas incruentas que o corona-virus19 se levou `por diante. Pero como a xente de Ponteareas leva o Corpus en vena non se achantou e, daquela maneira, o Corpus tivo presenza nas rúas da Vila. Claro que non puidemos gozar do espírito artístico dos veciños que cada ano nos ofrecen

un “cadro de flores” diferente. Aínda así houbo alfombras nos escaparates, bandeiras nos balcóns e pétalos que como choiva florida caían ao paso de Sr. Cura co Cáliz nas súas mans recorrendo as rúas habituais.

Esperemos que o vindeiro ano poidamos recuperar o Corpus de sempre.



CAFÉ
onde sempre

onde sempre **circular**

reinventa, reutiliza, recicla

mercadillo permanente

T. 679 054 070 • Rúa Redondela, 8 • PONTEAREAS

INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36960 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS



Corpus en Ribadetea



VENTANA HOGAR
ALUMINIO · PVC · MADERA
☎ 986 64 41 12 - 636 28 61 08
Entrada Galerías Sta. María, 27 PONTEAREAS
ventanahogar@gmail.com

ZOE
LENCERÍA
ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA
C/Amado garrá nº5, Ponteareas - 986 18 22 17

Lano
maquinaria
remolques
MAQUINARIA LANO S.L.
☎ 986 644 741 Fax: 986 644 750
www.maquinarialano.com Berral - PONTEAREAS

Pregón do Corpus 2020 por Alfonso Pexegueiro

Portales abertos. Diario dun silencio. Decisión tardía

Boa tarde, boa noite, Xose Represas, Alcalde; Fernando Groba, concelleiro de cultura; Cristina Fernández Davila, concelleira de educación; membros da corporación de goberno, alfombristas, pobo, veciños e visitantes de Ponteareas e de Angoares, amigos e amigas, grazas por me convidar a ser pregoeiro da festa máis relevante de Ponteareas: O Corpus coas súas alfombras de flores.

Grazas por estar hoxe aquí vivindo esta continxencia.

Nada do que sucede esta noite estaba previsto.

Os alfombristas terían que estar ofrecéndonos a súa arte, tal como viña sucedendo todos os anos, pero as circunstancias -chamémoslle circunstancias-, especiais que atravesamos, fixeron que este fose o primeiro ano na historia do Corpus que non se deseñan nin se elaboran as alfombras que tanto nos maravillan.

Tampouco eu tiña pensado ser pregoeiro, e direi que foi unha decisión tardía (parafraseando ao paleontólogo Stephen Jay Gould, cando di que os mamíferos pasaron os seus primeiros cen millóns de anos como pequenas criaturas que vivían nos rincóns e nas fendas dun mundo de dinosauros. Ao desaparecer os dinosauros, os sesenta millóns de anos de éxito daqueles seres foi algo así como una ocurrencia tardía)

Poida que dende o Cámbrico aquelas criaturas nos estean dicindo algo, nesta continxencia, hoxe, noite do Corpus.

Celebrems, pois, este día especial dun ano especial: o vinte vinte (2020), ano no que o mundeio foi asombro e silencio.

E onde a pregunta queda como desafío na noite.

Sabemos que ningún acontecemento

ou acto poderá nunca substituír a esa noite máxica onde alfombristas, rúas, flores, nenos e nenas, mulleres e homes e visitantes formaban unha unidade e facían realidade unha das festas máis fermosas do mundo: O Corpus en Ponteareas e as súas alfombras de flores. Mais a continxencia ou o Azar pensado, como a min me gusta chamarlle: quixo substituír as flores pola palabra, e vestir as rúas de ausencia e de color calado, coma un secreto que a poesía fose debullando para construír a alfombra máis necesaria para a Humanidade: a alfombra dun mundo en paz.

Hoxe a palabra déixase esfolgar coma flor viva de pensamento, e adorna con timidez o silencio das rúas, como o silencio daquel neno cando na súa infancia esfolaba soños e construía: Portales abertos. Diario dun silencio, titular deste pregón que dedico á memoria dos meus amigos: Manuel Ferreiro Losada (fillo adoptivo desta vila e pregoeiro do Corpus en 2012), a súa dona Pilar Díaz Cuerpo, a Gerardo López Araújo e a Benito Casanovas Figueiras.

Coma un río co Amor nos brazos chegaba o día do Corpus ata aquel neno de Angoares, alá no Cabalón.

Coma un río co Amor no colo, vestido de tempo, azul e vento, rosas no espello, brancas e vermellas, neve, ríos abertos surcando a terra, abrindo camiños en Seraogña, Angoares, creando illas e mares, flores e aromas, mulleres e homes, nenos e nenas, tecen alfombras de flores para o corpo soñado do Amor. Así chegáballe aquel día de festa ao neno. E o neno, xogando, calado, neno sen risa, camiña, entre as sombras e o canto dos paxaros (totalas aves... d'amor cantaban), desde Angoares ao pueblo para ver a festa das



alfombras e o canto d'amor das aves.

Meses atrás, nos portales abertos das súas casas, as mulleres conversaban e esfolaban todos os días soños e flores. Hoxe na noite fresca que arrecende a fiúncho, un pobo viste as rúas de color cos pétalos daquelas tardes gardados en cestos e caixas.

Meses esfolando o vacío para enchelo de Amor.

Toda a noite en vela retocando o tecido inmaterial da arte perecedeira e eterna. Toda a noite hilvanando, pespontando, cosendo, tecendo, cada rúa é un telar, un taller de costura, cada chan una alfombra, en cada alfombra a voz dun pobo que renace: Ponteareas. Toda a noite un pobo en vela esfolando as últimas flores, dobrando fadiga, dobrando ponlas de pino donde as aves pousan a descansar. Como di o poeta medieval Nuno Fernandes Torneol

...

Totalas aves do mundo d'amor dician;

Totalas aves do mundo d'amor cantavan:

do meu amor e do voss'í ementavan:
leda m'and'eu.

Ponteareas e Angoares: Seraogña, abren as súas portas ao mundo o día do Corpus. Seraogña camiña cara o mundo Coma un río co Amor no colo. Así chega o neno, calado, con pétalos de medo, rosas e hortensias, perfilando con mirto, fiúncho, árnica os debuxos que os artistas e artesáns do Corpus trazan durante toda a noite: noite de soños en flor. Arrecende á ilusión e a sol escondido nos dedos das alfombristas (combinando tradición e misterio)

Esa noite todas as flores do mundo se dan cita en Ponteareas: rosas, peonías, begonias, dalias e lirios, violetas, pensamentos e orquídeas, azahar de naranxos e limoeiros do norte e do sur, follas de silencio adormexadas e abaladas polo canto do merlo, do paporrubio e do reiseñor; esa noite chegan tamén homes, mulleres e nenos dos arredores, veñen ver como espertan os soños na Festa do Amor.

continúa na web www.eixoatlantico.com

La Giralda
Contigo desde siempre
by Conchi Borgia & Bego

Paula Méndez
ESTILISTAS

Teléfono 986 64 26 63
C/ Reveriano Soutullo 13- bajo
PONTEAREAS

centro engloba

atención temprana · logopedia · psicología
terapia ocupacional · aulas pedagógicas
aulas psicopedagógicas

Vidales Tomé, 16
PONTEAREAS
986 182 118
info@centroengloba.com
www.centroengloba.com

0136-002670

CONDADO/PARADANTA

Roberto Mera Covas - Terceiro Tenente de Alcalde de Ponteareas

"A pedra angular da nova política son as persoas"

Licenciado en Dereito e en Ciencias Políticas. Avogado e politólogo de profesión. Actualmente concelleiro no goberno municipal de Ponteareas, responsábel das áreas de Bo Goberno, Transparencia e Participación Cidadá e Mobilidade e Tráfico.

É a segunda vez que vostede forma parte do Goberno de Ponteareas. Que diferencias atopou con aquel breve espazo de goberno PSOE-BNG?

Moitas, pasaron case 20 anos e todo é diferente. A principal diferenza no plano político é a estabilidade e a experiencia. En 2003 eramos un goberno en minoría en mans dunha dereita dividida. Gobernabamos sabendo que ao día seguinte podía ser o derradeiro día, e así aconteceu aos 11 meses de comezar a gobernar. Agora hai estabilidade, un goberno con maioría suficiente que pode planificar a execución do seu programa de goberno coa confianza de que dispón de catro anos para facelo. E a isto engádese a experiencia dos últimos catro anos de goberno. A diferenza substancial é que o Concello agora está saneado economicamente grazas ao impecábel traballo do goberno presidido por Represas. En 2003, pola contra, collemos un Concello na absoluta ruína económica e sumido no descontrol contábel. Socioloxicamente, a Ponteareas de 2020 é moi diferente á do 2003, para ben.

É o responsable de ofertarnos unha vila máis habitable, sen tantos coches pola rúa, con máis espazo para a xente. Está resultando fácil?

A responsabilidade é do goberno, eu en todo caso teño un plus de responsabilidade e dedicación como concelleiro de Mobilidade. O primeiro que fixemos foi o Plan de Mobilidade Urbano Sostíbel que marca as pautas e directrices para o futuro. Nestas semanas acometemos accións de urxencia, obrigados pola pandemia, que permiten albiscar xa a filosofía que nos vai inspirar no futuro. A pedra angular da nova política son as persoas, a quen

debemos poñer por diante de todo o demais. Chegamos tarde a este novo concepto de cidade, pero iso tamén é unha vantaxe, porque nos permite ver as experiencias doutros, o que funcionou e o que fracasou. A partires de agora a ocupación do espazo público e a distribución do seu uso farase do seguinte xeito: reservarase a superficie necesaria para os desprazamentos das persoas a pé e para a súa estancia no espazo público. A xerarquía que nos guiará será, por esta orde, as persoas, as bicicletas, o transporte público, o transporte de mercadorías e, finalmente, o vehículo a motor particular.

Cre que se a Praza de Abastos cambiara de lugar favorecería unha mellor mobilidade na zona central da Vila?

Non debemos confundir mobilidade con tráfico de vehículos. A mobilidade refírese ao desprazamento das persoas: camiñando, en bicicleta, en transporte público ou en vehículo a motor privado. Desde ese punto de vista a Praza de Abastos está situada no centro dun pobo onde residen 13.000 persoas. A maioría delas poden acceder ao Mercado Municipal en moi poucos minutos camiñando. É accesíbel de forma cómoda para a maior parte da poboación da vila e co mellor modo de mobilidade existente para a saúde da xente e para o medio ambiente: camiñar. Trasladalo a un lugar afastado provocaría o contrario, que moita xente tería que empregar o coche para achegarse a el. Para as persoas que non residen na vila e precisan achegarse en transporte público ou privado a Ponteareas podemos dicir o mesmo: da estación de autobuses ao mercado hai, camiñando, cinco minutos; o mesmo desde o aparcamento de Granitos, que ten 60 prazas e se vai ampliar en breve. Desde o aparcamento de Santa Ana, que ten 100 prazas, e que nos día laborables non acada nin o 40% de ocupación hai cinco minutos camiñando. O mesmo desde o aparcadoiro de Castelao que conta con 60 prazas. Por non falar do aparcadoiro privado do



C.A. Sportivo, a tres minutos do Mercado. Tamén temos dúcias de prazas de aparcamento en zona azul ao redor do Auditorio e en Fernández Vega, e incluso un aparcadoiro exclusivo para clientes do Mercado, que será ampliado en breve ofertando 21 prazas de hora e media o que permite coa rotación dispor polas mañás de máis de 80 prazas. Non se pode confundir un problema de mobilidade co desexo insaciable dalgúns de levar o coche até a porta do Mercado Municipal por comodidade. Se os condutores deixaran os coches nos aparcamentos periféricos e camiñasen un pouco en lugar de entrar co coche no centro, evitárase ruído, estrés, inseguridade e contaminación. En Ponteareas todo está moi preto e podemos camiñar comodamente porque apenas existen pendentes. **Hai veciños que opinan se debería ofertar un amplo aparcamento gratuito antes de reducir espazos para os coches. A este propósito nos últimos tempos vense falando dun aparcamento subterráneo.**

O que sorprende é que nun pobo no que case o 80% da súa superficie é de uso exclusivo dos coches, fronte ao 20% que queda para os peóns, a preocupación sexa que os vehículos perdan espazo. O que debería preocuparnos é que a xente teña que baixar das beirarrúas e invadir a calzada porque moitas son tan estreitas que non cabe máis ca unha persoa; ou que até hai pouco houbera moitas zonas nas que os peóns carecían incluso de itinerarios continuos e debían camiñar pola calzada; nestas semanas resolvémolo en zonas como Castiñeira,

Amado Garra, Emilio Rodríguez, etc. Agás en días moi especiais e horas moi concretas, os aparcadoiros teñen sitio dispoñíbel para aparcar. Desde calquera aparcadoiro de Ponteareas pódese chegar a calquera punto da vila por moi lonxe que estea, ao Concello, ao xulgado, ao mercado, aos supermercados, etc... en menos de dez minutos andando. Porén eu vexo a diario, coches que entran en zonas peonís ou que estacionan sobre prazas para persoas con discapacidade, en dobre fila ou sobre pasos de peóns e que o fan, por exemplo, para quitar cartos en caixeiros automáticos. O nivel de comodidade lévase a tal extremo que hai condutores que non respectan nin os dereitos dos peóns nin das persoas con mobilidade reducida. En Ponteareas hai aparcamento dabondo. O que non hai, nin en Ponteareas nin en ningún lugar, é aparcamento en todos os lugares específicos aos que cada persoa quere levar o seu coche en cada momento. Ademais este ano o goberno vai crear un novo aparcadoiro de 300 prazas a tres minutos da Casa do Concello e duplicaremos as prazas do aparcadoiro de Granitos que chegará a unhas 120. Pero insisto, fagamos o que fagamos haberá xente que non lle valerá. O aparcadoiro soterrado é a mellor proba de que en Ponteareas non hai falta de espazo para aparcar: as veces que se licitou quedou deserto; ningunha empresa tivo interese porque sería un fracaso económico.

Vostede conversou cos comerciantes cara a resolver o problema do botellón. Agora coa nosa situación pos-COVID como

cre que se pode resolver o problema?

A pandemia simplemente está a significar unha tregua, porque o distanciamento social impide practicar o botellón, pero o problema sigue aí, latente, e debe resolverse con intelixencia. Por iso fixemos un proceso participativo que foi moi útil e nos achegou moitas claves da problemática e das súas solucións. Ao longo deste ano poremos en marcha as medidas que poden abordar este complexo fenómeno.

Cando pensa que Ponteareas pode entrar nesa nova situación social dunha total desesalada?

Cando poda entrar o resto do país, obviamente. Parece evidente que mentres non haxa unha vacina non volveremos á normalidade. Así pois o que cómpre é que a xente actúe con moita responsabilidade. Non podemos permitirmos unha nova corentena. O impacto que tivo a que vivimos ademais das consecuencias sociais, de mortes e enfermos, e das consecuencias económicas devastadoras, obrigou ao Concello a mobilizar inxentes cantidades de recursos implementando partidas orzamentarias por valor de centos de miles de euros para ofertar axudas de emerxencia, alimentos, axudas aos autónomos, etc...

Temos no horizonte novas eleccións autonómicas. Que problemas urxentes debera ou deberan resolver as opción políticas gañadoras?

No caso de Ponteareas, e agás sorpresa de última hora, o principal reto que está en mans da Xunta é aprobar o PXOM. É unha necesidade de primeira orde para Ponteareas que só depende da Xunta. A maiores precisamos a colaboración do goberno galego para cuestións fundamentais en materia de infraestruturas básicas como o saneamento e depuración integral do Concello e certos viais como a circunvalación, conxuntamente co Estado. Ao que debemos engadir a mellora de equipamentos sociais e educativos xa existente e a creación doutros novos como a Escola Infantil.

O Concello de Ponteareas restablece a atención presencial con cita previa telefónica

As oficinas do Rexistro Xeral e Recadación serán as únicas que atenderán directamente sen cita previa

O Alcalde, Xosé Represas, anunciou o restablecemento da atención presencial nos servizos municipais. Durante as últimas semanas adaptáronse os postos de traballo e os lugares de atención ás novas esixencias sanitarias: instaláronse pantallas e dispensadores de desinfectante, carteis ou cintas de separación, creáronse conserxerías nos accesos a edificios públicos, establecéronse os protocolos para o persoal municipal, foron reconfiguradas as oficinas para garantir a distancia entre os traballadores e traballadoras,

creáronse salas de espera seguras e organizouse un operativo de limpeza e desinfección continua.

O traballo de readaptación á nova situación foi dirixido e coordinado polo Alcalde Xosé Represas e levado a cabo polos tenentes de alcalde Cristina Fernández -concelleira de Saúde-, Chus Garrote -concelleira de Vías e Obras- e Roberto Mera -concelleiro de Bo Goberno- así como polo edil de Recursos Humanos Benito Márquez. O alcalde salientou que o traballo realizado “foi un reto sen precedentes ao que nos enfrontamos con rigor



e eficacia”.

A atención presencial directa, sen cita previa, limítase polo momento ao Rexistro Xeral e a Oficina de Recadación, ambas as dúas na Casa do Concello. A maioría do resto dos servizos estarán tamén operativos e atenderán á cidadanía pero só con cita previa telefónica. O alcalde pide encarecidamente á veciñanza que non acuda ao Concello sen antes con-

tactar telefonicamente.

Represas adiantou que “nos vindeiros días continuaremos co proceso de desescalada que levará grandes melloras na atención cidadán coa posta en marcha da Oficina de Atención Cidadán, a implementación de sistemas tecnolóxicos de xestión das quendas e das citas previas e a posta en marcha da nova páxina web municipal.

50.000 euros para os Centros Culturais

Xa se poden presentar as solicitudes de apoio á cultura logo da publicación da convocatoria de subvencións destinada a casas e centros culturais do Concello de Ponteareas.

A través desta subvención dotada con 50.000€ a concellería de Cultura colaborará cos gastos de funcionamento e mantemento das casas e centros culturais incluídos na rede municipal contribuíndo no fomento e na posta en valor dos propios centros e da súa actividade cultural.

Dente o día 9 de xuño hai quince días para presentar a documentación.

Esta liña de axudas subvenciona os gastos das actividades programadas por cada Centro cultural así como os gastos xerais de mantemento, subministros e custes enerxéticos, entre outros.

Ponteareas implanta unha nova regulación do aparcadoiro da Praza de Abastos para facilitar as compras aos seus clientes

O concelleiro de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, e a concelleira de Promoción Económica, Eva María Gil, puxeron en marcha unha nova regulación do aparcadoiro exclusivo da Praza de Abastos tras deseñala conxuntamente coa asociación de praceiros e praceiras.

Coas novas normas que rexen agora no estacionamento “asegurarse que este cumpra o seu cometido, que é facilitar e promocionar o consumo no Mercado Municipal” que conta actualmente cuns trinta postos de venda activos.

O horario de funcionamento do aparcadoiro é de 9:00 a 15:30 horas. Nesa marxe horaria, poderase empregar o estacionamento durante un máximo de hora e media. Para iso é necesario retirar o correspondente billete no parquímetro situado na entrada do aparcadoiro. O billete consta de dúas partes que se deben cortar: unha debe colocarse no interior do vehículo en lugar visíbel mentres a outra será empregada polo



cliente como resguardo do seu estacionamento. Para poder abandonar o aparcadoiro antes de esgotar a hora e media, o cliente deberá realizar un gasto mínimo de 10 euros na Praza de Abastos e canxear o seu resguardo pola ficha que permite saír do aparcadoiro. No caso de incumplir estas normas de uso do aparcadoiro a sanción a impoñer é de 30 euros.

O aparcadoiro situado a carón do Mercado Municipal conta con 14 prazas, que ao rotar como mínimo cada hora e media, supón a dispoñibilidade de polo menos 56 prazas de estacionamento.

Está previsto habilitar nas vindeiras semanas outro aparcadoiro de 7 prazas preto da praza.

O novo sistema supón gañar en eficacia no funcionamento do aparcadoiro e asegurar que o estacionamento sirva para facilitar as súas compras ás persoas que apostan polo mercado local.

Os postos de “A Carreira”, foron recolocados na nova praza acondicionada entre o Mercado Municipal e o Auditorio. “Deste xeito, dignificamos o labor destes produtores locais, instalándoos nun espazo humanizado e melloramos a seguridade no aparcadoiro”.

Ponteareas retira de novo vertedoiros incontrolados



A concelleira de Medio Ambiente Rosa Covelo, pide a colaboración cidadá para rematar coa imaxe do lixo e dos artigos abandonados tanto en puntos espallados como na contorna dos colectores de lixo.

Covelo convida a toda a cidadanía a traballar por unha vila máis limpa e cívica empregando os servizo gratuito de recollida de artigos domésticos, deixando determinados produtos no punto limpo e procedendo a utilizar o colector de lixo axeitado, depositando sempre o lixo dentro dos mesmos e atendendo á normas hixiénico-sanitarias.

A concelleira informa que

recentemente se retiraron vertedoiros incontrolados na Gándara, San Cibrán, Guláns e Moreira. “A cidadanía non precisa verter na vía pública porque para iso dispón dun servizo gratuito de recollida de artigos e dun punto limpo”.

Covelo lembra que os obxectos non deben ser depositados xunto aos colectores antes dos xoves ás 21 horas.

O servizo de recollida é totalmente de balde e ofrécese de xeito semanal tan só tendo que chamar ao teléfono 986 640 307 do punto limpo cos horarios de luns a venres de 08:30 a 13:45 e de 16 a 18 horas; os sábados de 10 a 13 horas.

CONDADO/PARADANTA

Mondariz inviste máis de 363.000 € a través da Liña 1 do Plan Concellos 2020



O concello de Mondariz destina a maior parte dese importe aos servizos básicos como as melloras no abastecemento de auga e as pavimentacións viarias máis urxentes. Boa parte destes investimentos son solicitudes veciñais recollidas nas reunións parroquiais do pasado inverno así como de diferentes demandas colectivas.

En concreto 53.500 € serán investidos en melloras e impermeabilización do depósito de auga de Santa Baia en Lougares e na renovación da rede que abastece aos barrios de Cabadas, Redo e graxal, na parroquia de Vilar. Por outra banda, 144.000€

irán destinados ao ensanche e pavimentación no barrio de O Ceo, á pavimentación da estrada central no barrio de Mourelle en Gargamala, tamén a estrada e a contorna do barrio de O Sesteiro, así como no barrio de Aboal e no acceso á escola unitaria de Escobeiro. Outras actuacións con cargo a este plan anual da deputación son a mellora e a ampliación con unha parte cuberta do parque infantil do Monte de Ovella, a cuberta da Casa da Escola unitaria da parroquia de Toutón, esquecida durante anos.

Destacar tamén o primeiro paso para a recuperación do espazo do campo de A Minada para uso público e para a moci-

dade, mediante a instalación do circuito "Mondariz Pum Track" que será o primeiro con características de asfalto da comarca de O Condado-Paradanta. O goberno local agarda ir completando ese espazo con novos equipamentos nos vindeiros anos.

Do mesmo xeito, mediante esta liña de axudas o concello vai adquirir diferentes equipamentos como 2 bombas para a auga e saneamento, estufas de pelet's para a escolas de Sabaxáns e Toutón ou taquillas para o personal municipal. Tamén equipamento para o Centro Social e para as estradas das parroquias e barrios (sinais, espellos, indicadores, valados...)

Carlos Montes: "BNG e PSOE de Mondariz cumpren un ano de mandato en branco"

O rexedor nacionalista, X. Emilio Barros, presenta un balance claramente negativo para Mondariz despois dun ano. O goberno non puxo en marcha ningún proxecto novo e apaixonante para a veciñanza. Ademais "foi incapaz de rematar os que o goberno anterior lle deixou aprobados, caso da restauración dos cruceiros de Frades e Toutón", afirma Montes Bugarín de "Alternativa por Mondariz".

O concelleiro asegura que "é patente a inacción e a parálise do goberno municipal, algo que percibe a maioría da veciñanza. O alcalde non fai nada, non hai

xestión, non hai goberno". Hai agora un ano, o BNG rexeitou a oferta de AporM para crear un goberno de coalición estable e sólido que durase catro anos. Preferiu gobernar en minoría co PSOE e o apoio do PP. "As consecuencias están á vista: o goberno foi incapaz de presentar os orzamentos do ano 2020, e non hai sobre a mesa ningún proxecto viable e esperanzador para o futuro de Mondariz".

No ano 2020, como consecuencia da falla de previsión e organización, o alcalde deixou de contratar persoal para executar a roza de beiravías e camiños

públicos, recorrendo a unha empresa privada, todo o contrario do que fixeron os demais concellos do Condado.

"Ausencia de ordenación do aparcamento na vila, descoñecemento do funcionamento da administración, incapacidade para aprobar o orzamento anual, parálise na tramitación do PXOM, contaminación do río Tea (corroborada recentemente polas autoridades sanitarias), inexistencia de proxectos viables, incapacidade para chegar a acordos coa oposición... "doce meses perdidos e en branco para Mondariz", remachou Montes Bugarín.

Mondariz tramita a legalización de 14 captacións de auga

O goberno municipal traballa na regularización de diferentes captacións e mantiaes de auga que abastecen as parroquias de Vilar, Riofrío, Mondariz, lougares, Loredelo e Aboal en Toutón e Frades. A situación sorprendeu tanto ao goberno como ao propio personal municipal que descoñecía esta situación en boa parte dos abastecementos, con concesións caducadas, en mas de terceiros ou simplemente sen concesión por parte da Confederación Hidrográfica.

A chegada do novo goberno centrou os esforzos no reforzo e na atención respecto dos servizos máis elementais e básicos como son o abastecemento de auga. O goberno municipal esta a traballar noutras situacións e servizos moi precarizados como

acontece co mal estado de algúns depósitos de auga ou coa altamente perigosa situación de moitos dos cadros eléctricos de alumeado público e mesmo, ou co mal estado dos dous camiños de recollida de lixo, cos que traballan diariamente tres en traballadores municipais, ao igual que no seguimento e control dos servizos externos prestados ao concello por parte de terceiros, así como tamén na precariedade na que se atopan moitos dos vehículos municipais con costes de reparacións desproporcionados e que precisan dunha modernización ao igual que acontece cos servizos máis básicos e elementais.

O goberno municipal, xa ten en marcha a tramitación administrativa para a legalización de todos eles.

Alternativa por Mondariz solicita o incremento das axudas para material escolar

Alternativa por Mondariz vén de solicitar ao Goberno local o incremento da partida económica destinada a axudar a adquisición de material escolar ás familias con menos recursos económicos e que teñan nenos e nenas cursando primaria e ESO.

O seu portavoz, Montes Bugarín, lembra que no pasado mandato e estando a súa formación no Goberno, "estas axudas xa foran incrementadas de xeito significativo". Agora, engade, "a crise propiciada pola pandemia da COVID-19 fará que a demanda deste tipo de axudas se incrementa, polo que o Concello ten que ter previsto o incremento destas axudas".

Asemade, AporM pide a posta en marcha de tres iniciativas, directamente relacionadas co ensino e a infancia, que consideran "de extraordinaria importancia"

1.- Un curso de Alfabetización Dixital dirixido a nais e pais que adquirirían coñecementos básicos



X. Carlos Montes, concelleiro de AporM

de informática para axudar aos nenos e nenas na xestión de tarefas escolares, xestión de datos na nube ou buscas seguras en internet".

2.- Clases de reforzo, dirixidas aos nenos e nenas que "tiveron máis dificultades académicas nos últimos meses de crise sanitaria".

3.- Campamento de conciliación para conciliar a vida laboral e familiar co verán as portas, dirixido a nenos e nenas menores de 16 anos, en horario de mañá.

O Consello da Cultura Galega solicita á Xunta que garanta a conservación da Fonte de Troncoso en Mondariz Balneario

Rosario Álvarez, presidenta da institución, visitou o edificio e entregou a SOS Fonte de Troncoso o informe elaborado pola Comisión de Patrimonio.

O edificio da Fonte de Troncoso, incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia é o único edificio proxectado por Antonio Palacios en Galicia e España que se atopa en estado ruinoso desde que a cuberta dun dos volumes do edificio colapsara polo abandono ao que o ten sometido o propietario, a empresa Fuentes Capital S.A. con sede en Madrid.



As empresas de recollida de lixo na Cañiza amenazan co corte do servizo debido á débeda acumulada do goberno anterior

Despois de que o Alcalde, Luis Piña, fixera pública a situación de endebedamento que ten paralizado o funcionamento do Concello, as empresas provedoras comezan a presentar comunicados de corte e suspensión do servizo, como é o caso das empresas que retiran o lixo da planta de transferencia e do punto limpo da Cañiza e ás que se lle deben facturas dende o ano 2018 por un importe que supera os 200.000,00 €.

Aparecen máis débedas e irregularidades nos expedientes, concretamente no do Convenio entre Turismo da Xunta de Galicia e o Concello da Cañiza asinado en 2017 para a rehabilitación do núcleo da Franqueira. Un Convenio plurianual para os anos 2017 e 2018 por un importe de 137.000 euros, dos que practicamente se perdeu a financiación por non ter pagado o Concello as facturas da anualidade de 2018. A propia empresa OREGA

presenta no Concello dous escritos reclamando o pago de 5 facturas, un total de 91.737,75 €. No rexistro de entrada do Concello solo figura a recepción de dúas facturas por importe de 23.950,78 euros, porén a empresa presenta xustificantes de rexistro na Plataforma Oficial FACE de 3 facturas máis pola cantidade de 67.786,97€.

A día de hoxe a débeda é de 3.004.607,63 euros, algo inasumible para o Concello.

O Mercadillo Municipal de Arbo retoma a súa actividade



O concello de Arbo, reiniciou a súa actividade do Mercadillo Municipal do Mércores, suspendida dende a declaración do estado de alarma no pasado mes de marzo.

Os postos instaláranse na Praza Consistorio e na Praza do Mercado como viña sendo habitual, tódolos mércores de mes.

O Concello de Arbo, recorda

a obrigación de asistir con máscaras protectoras a realizar as compras, así como de gardar as distancias e cumprir coas instrucións que vaia indicando o persoal municipal, a garda civil e o persoal dos postos. Tamén lembran que para entrar as instalacións da Praza de Abastos deberá usar mascarilla e soamente se permite unha persoa por posto ou bancada.

A Cañiza estrea corazóns nesta nova normalidade



Dez grandes estruturas metálicas galvanizadas de 30 kilos de peso, en forma de corazóns verdes de 1m. x 1m., fabricadas no pobo, adornarán dende hoxe a núcleo urbano da Cañiza con cadan seu mensaxe de agradecemento á cidadanía pola colaboración, compromiso, paciencia, solidariedade, contribución, responsabilidade, serenidade, aguante, traballo e apoio amosado fronte

á expansión do coronavirus.

Luis Piña e o seu Equipo de Concelleiros agradecen deste xeito o comportamento exemplar dos veciñ@s da Cañiza dende que o pasado 14 de marzo o Goberno Central decretara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Difíciles momentos en que os cañicenses deron mostra dunha responsabilidade e sensatez encomiables.

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS

rúa senén canido, 4

NOVAS DA RAIÁ

Redacción

Ponte de Lima presenta ao público o projecto “A Mesa dos 4 Abades”

O Município de Ponte de Lima apresentou no día 5 de junho o projeto das Aldeias da Mesa dos 4 Abades, o qual inclui o novo Centro de Interpretación da Mesa dos Quatro Abades.

O Centro de Interpretación da Mesa dos 4 abades está localizado em Vilar do Monte, hoje Freguesias de Labrujô, Rendufe e Vilar do Monte, sendo só esta última pertencente à ancestral tradição da Mesa dos 4 Abades.

A tradição da Mesa dos Quatro Abades, que se mantém desde o século XVIII, e mantém-se até aos dias de hoje. Consta em uma mesa em granito que se apoia no marco divisório das freguesias de Bárrio, Cepões, Calheiros e Vilar do Monte, realiza-se no terceiro domingo do mês de junho. A mesa é ladeada por quatro bancos tam-



bém em granito, cada um assente no território de cada freguesia, onde outrora os representantes de cada paróquia, agora os presidentes da junta de cada freguesia, sentavam-se para debater e resolver os mais diversos assuntos, consultando os populares, que se encontram ao seu redor.

O futuro Centro de Interpretación da Mesa dos 4 Abades, vai permitir descobrir trilhos, atividades de natureza, observação de animais selvagens, participar em atividades agrícolas e descobrir sabores únicos produzidos por mãos genuínas das gentes das Aldeias da Mesa dos 4 Abades.

Inaugurado o moinho em Bouça-Mé, Caminha



Após obras de requalificação e remodelação, foi inaugurado no passado dia 14 de junho, o Moinho de Água de Bouça-Mê, em Orbacem, Concelho de Caminha.

Na inauguração deste moinho, estiveram presentes vários representantes locais e do município, entre as quais Sr. Presidente da Câmara Municipal

de Caminha, Miguel Alves, o Sr. Presidente da União de Freguesias de Gondar e Orbacem, José Cunha e contou com a bênção do Exmo. Sr. Padre da União de Freguesias, Manuel Ferreira de Sá.

Trata-se de mais um investimento na preservação e recuperação do património do concelho.

Autarcas do Alto Minho querem projeto piloto de revitalização económica do comércio, restauração e hotelaria

Os autarcas da CIM Alto Minho estiveram reunidos com a Ministra da Coesão Territorial e com os Secretários de Estado Adjunto e do Desenvolvimento Regional da Valorização do Interior, com o Presidente da CCRD-Norte e com os vogais da Autoridade de Gestão do Norte 2020 em Viana do Castelo, onde analisaram o atual quadro comunitário 2020 e prepararam a reprogramação do atual quadro face às novas exigências que o país atravessa. Durante o encontro, os autarcas apresentaram uma proposta à ministra Ana Abrunhosa para que seja desenvolvido no Alto Minho um projeto piloto de revitalização económica para os setores do comércio, restauração e hotelaria, muito afetados com o encerramento das fronteiras.

Na sessão, os autarcas presentes identificaram a cooperação transfronteiriça com a Galiza como uma



das principais ações, atendendo ao grande interface económico e social existente nas populações em redor do Rio Minho, mas defenderam sobretudo a abertura urgente das fronteiras não só para a passagem dos trabalhadores transfronteiriços, mas para apoiar todo o tecido económico, nomeadamente a restauração, o comércio e a hotelaria, cujo motor é a população daquela região vizinha.

Na reunião, foi reconhecido pela Ministra que a CIM do Alto Minho é uma das comunidades que mais

contribui para os atuais níveis de execução no Programa Operacional do Norte e Portugal 2020, estando neste momento em curso um vasto conjunto de intervenções do Pacto de Desenvolvimento e Coesão Territorial, bem como na reabilitação urbana e na infraestruturação de saneamento básico. No final da reunião, ficou o compromisso de agendamento de um novo encontro entre autarcas e a Ministra para ser efetuado um balanço das ações e atividades que serão entretanto implementadas.

Piscinas naturais da Praia Norte, em Viana de Castelo, interditas

As piscinas naturais da Praia Norte vão ser interditas para impedir a aglomeração de pessoas durante a época balnear que começa dia 27 de junho.

O presidente da Câmara Municipal de Viana do Castelo, José Maria Costa afirmou que “A partir de 10 junho vamos ter nadadores-salvadores em cinco praias e, a partir do 27, existirá vigilância em todas as zonas balneares do concelho”. O autarca falava na reunião camarária em que foi aprovado o protocolo de cooperação com a Associação “Coordenada Decimal”, que garantirá a segurança nas praias do concelho.

José Maria Costa, afirmou ainda que “foram identificadas, em colaboração com a capitania, as cinco zonas balneares com maior risco e perigosidade. Vamos ter nadadores-salvadores nas praias da Arda, Afife, Paço, Amorosa e Cabedelo. O nosso grande receio é que, fruto da dificuldade pelo distanciamento social, as pessoas se vão espalhando ao longo da praia,



por áreas muito grandes e que depois tenham a tentação de ir tomar banho em zonas não vigiadas e que possam ser perigosas”, especificou.

Serão ainda implementadas algumas medidas como corredores de saída e entrada às praias e informações nos locais de estacionamento, conjunto de procedimentos, de acordo com as orientações da Direção-Geral da Saúde (DGS) e da Agência Portuguesa de Ambiente (APA)” para garantir a segurança nas praias.

Este ano, Viana do Castelo vai voltar a hastear a Bandeira Azul em oito praias: Arda (Mariana), Afife, Paço, Carreço, Praia Norte, Cabedelo, Amorosa e Castelo de Neiva.

Passadiço de madeira vai ligar centro histórico ao Parque das Caldas de Monção

Na sequência das obras de requalificação do Parque das Caldas e área envolvente, onde foram construídas várias estruturas de lazer, entre as quais, um passadiço de madeira junto ao rio Minho, reavivou-se o relacionamento humano com o rio, tornando imperativo a criação de uma ligação pedonal entre o centro histórico e aquela zona ribeirinha.

Com essa finalidade, o Município de Monção avançou agora com a empreitada “Arranjos Exteriores da Envolvente da Muralha”, a qual engloba limpeza da vegetação, com corte da arborização seca, reconstrução dos muros de suporte dos antigos socos de cultivo, e a construção de um passadiço de madeira, facilitando o acesso pedonal entre o centro da vila e o Parque das Caldas.

A intervenção, adjudicada à empresa “Toscca, Equipamentos de Madeira, Lda”, pelo valor de 79.327,75 €, prevê a interligação com o passadiço existente no Parque das Caldas, acedendo-se



por uma abertura existente no pano da muralha junto às escadas do Arado, na Avenida General Humberto Delgado.

Ao longo do passadiço de madeira, estão previstos lugares de descanso, servidos por bancos, permitindo aos caminhantes desfrutar de alguns momentos de repouso e, ao mesmo tempo, apreciar a envolvente paisagística, fluvial e construída, simbolizada pelas imponentes muralhas de Monção, monumento nacional desde 1910.

Pela sua pouca expressão e adequabilidade na topografia, o impacto do percurso sobre a muralha será inexistente, possibilitando a ligação entre o interior

do casco muralhado e a área de lazer do Parque das Caldas. Em termos turísticos, este acesso potenciará a área ribeirinha, a qual já dispõe de diversos atrativos para os visitantes.

Além do passadiço de madeira junto ao rio Minho, esta zona possui um amplo parque de estacionamento, parque de merendas, parque infantil, piscina descoberta, e ecovia até ao posto aquícola. Nesta zona, servida por cafetaria, restaurantes e hotéis, situa-se ainda a piscina municipal coberta, balneário termal, ginásio, courts de ténis e campo de futebol sintético.

Início da construção da nova ligação rodoviária do Parque Empresarial de Formariz à A3



A Infraestruturas de Portugal consignou, a 16 de junho de 2020, a empreitada de construção da nova ligação rodoviária do Parque Empresarial de Formariz à A3, no concelho de Paredes de Coura.

Na cerimónia de assinatura do auto de consignação, realizada no Centro Cultural de Paredes de Coura, estiveram presentes, Pedro Nuno Santos, Ministro das Infraestruturas e da Habitação, Jorge Delgado, Secretário de Estado das Infraestruturas, Vítor Paulo Pereira, Presidente da Câmara Municipal e António Laranjo, presidente do Conselho da Administração da Infraestruturas de Portugal.

Com um investimento de cerca

de 9 milhões de euros, a intervenção tem como objetivo a melhoria das condições de acesso, mobilidade e segurança da ligação do Parque Empresarial de Formariz ao Nó de Sapardos da A3.

A melhoria das acessibilidades será assegurada pela construção de uma variante à EN303, com uma extensão de cerca de 8,8 quilómetros, entre o Nó de Sapardos da A3 e Formariz.

A empreitada tem um prazo de execução de 540 dias e inclui ainda a construção de uma ponte sobre o Ribeiro das Corredouras, de dois pontões, sobre a Ribeira de Sapardos e Borzendes, de uma Passagem Superior de Peões e de quatro rotundas de acesso e ligação à rede viária local.

Câmara reforça segurança na praia fluvial de Ponte da Barca

A Câmara Municipal criou um plano de contingência, onde foram definidas várias medidas para reforçar a higiene e segurança na Praia Fluvial.

A praia Fluvial funcionará da 10H00 às 19H00 e terá grades a delimitar o espaço, bóias a sinalizar os seus limites na água e a lotação do espaço está fixada em 200 banhistas, garantindo assim a distância de segurança entre as pessoas.

A Câmara Municipal reforçou ainda a proteção, sendo que haverá dois nadadores salvadores e dois vigilantes permanentes.

Na avaliação da qualidade da água deste ano feita pela APA verificou-se a boa qualidade da água, classificação que resulta da adoção de várias medidas por



parte da autarquia ao longo do ano de 2019 para superar as avaliações negativas de 2018, tal como a abertura de canais de entrada e saída da água para reforçar a renovação da água no interior da piscina natural, a limpeza do fundo da referida piscina, o reforço da fiscalização de descargas clandestinas, entre outras.

O Município de Ponte da Barca

e a Agência Portuguesa do Ambiente desaconselham os banhos fora da zona de praia fluvial, não pela qualidade da água, mas sim pelos riscos inerentes à falta de vigilância nos locais que não a zona prevista para a prática balnear.

O Município avança ainda que o complexo das Piscinas Municipais Dr. António Cabral de Oliveira abrirá ao público a 1 de julho.

Arcos de Valdevez apresenta plataforma de turismo



A Câmara Municipal procedeu à apresentação do novo site de turismo do concelho, www.visitarcos.pt

O novo site do Município tem como objetivo mostrar Arcos de Valdevez ao mundo. Neste sítio da internet estão reunidas as atividades, sugestões e experiências que podem usufruir em Arcos

de Valdevez, para desfrutar em casal, em família ou em grupo.

Uma nova plataforma web intuitiva permite a criação de roteiros, adaptados às preferências de cada um.

Esta plataforma apela à interação dos visitantes, incentivando à partilha da sua experiência.

AECT Rio Minho apresentou medidas compensatorias

Procurando minimizar o forte impacto negativo do encerramento das fronteiras, agrupamento, que junta 16 municípios portugueses e galegos, defende a criação de Cartão de Cidadão Transfronteiriço, Intervenção Territorial Integrada (ITI) e Programa de Apoio ao Comércio Transfronteiriço.

No dia em que Portugal e Espanha reabriram, parcialmente, mais pontos de passagem para trabalhadores transfronteiriços e circulação de mercadorias, o Agrupamento Europeu de Cooperação Territorial (AECT Rio Minho) defendeu a abertura a todas as pessoas.

Na Ponte Internacional entre Melgaço e Arbo, aquele agrupamento transfronteiriço, que junta 16 municípios portugueses e galegos, apresentou um conjunto de medidas compensatórias para minimizar o impacto económico do encerramento de fronteiras na região.

Cartão de cidadão transfronteiriço

Este servirá de base para o desenvolvimento de um programa-



piloto que promova a simplificação da vida das pessoas e o aumento da eficiência na Administração Pública. Destinando-se à população residente nos concelhos limítrofes do Rio Minho Internacional, constituirá um instrumento de uma verdadeira cidadania europeia.

Intervenção Territorial Integrada (ITI)


Pensando no próximo quadro comunitário de apoio 2021-2027, a AECT Rio Minho defende a implementação de uma Intervenção Territorial Integrada de dimensão transfronteiriça. O desafio foi lançado às entidades regionais e nacionais com competências na gestão de fundos comunitários. Um dos aspetos ine-

rentes a esta proposta será a execução de investimentos estruturantes no território que, ao mesmo tempo, garantam qualidade de vida, fixem as pessoas e atraíam investimento.

Programa de Apoio do Comércio Transfronteiriço

A terceira proposta refere-se à dinamização de um programa de apoio específico ao comércio local dos concelhos transfronteiriços que, sem prejuízo das ajudas diretas que ambos os estados estão a implementar para as pequenas e médias empresas, possa conter um reforço de medidas de apoio indiretas, transmitindo a mensagem de um território seguro e qualificado para receber visitantes.

7 Maravilhas da Cultura Popular



Os 140 finalistas regionais foram escolhidos no passado dia 7 de Junho num programa transmitido pela RTP, onde foram escolhidos 7 finalistas do Alto-Minho

Dos 470 patrimónios culturais nomeados, distribuídos por 7 categorias, o painel de especialistas escolheu, os 140 finalistas regionais, 7 por cada distrito e regiões autónomas que, na fase seguinte, vão participar nas eliminatórias distritais, com transmissão em direto na RTP 1.

As candidaturas escolhidas no distrito de Viana

do Castelo foram: Vira do Alto Minho (Monção), Concertinas e Cantares ao Desafio e Feiras Novas (Ponte de Lima), Romaria de Nossa Senhora da Agonia e Romaria de Santa Marta (Viana do Castelo), Romaria de S. Bartolomeu (Ponte da Barca) e Romaria de São João d'Arca (Caminha).

O programa "7 Maravilhas da Cultura Popular" pretende homenagear e consagrar a multifacetada vivência cultural e etnográfica existente no território nacional, afirmando a sua autenticidade e diferenciação, a qual projeta o nosso saber e ancestralidade em todo o mundo.

Lucía
Estudio Floral

Rúa da Esperanza, 26 | 36860 Ponteareias
Tel. 986 64 22 75 - Móvil 686 96 99 44
luciaestudiofloral@gmail.com
SERVICIO A DOMICILIO

CRISTALERIA CONDADO S.L.

Derivados do Vidro

AVDA. DE CASTELAO, 9
36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
TEL: 986 66 10 42
crista@cristaleriacondado.com

casa ferreira

Venta: Jamones, Quesos y Vinos - Productos Típicos
JAMON DE TERUEL BAJO EN SAL

C/ Fdez. de la Vega, 6
36860 PONTEAREAS
charcasferreira@hotmail.es
Teléf. 986 641 554

Café La Calle

Heladería - Cervecería - Coctelería
Ambiente agradable

Rúa Rosalía de Castro, 9 - PONTEAREAS

PINTURAS BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2 . 986 650 920 - 694 421 045 . Ponteareias
Villanueva, 18 . 986 651 145 - 609 366 364 . A Cañiza

conscem CONSTRUCCIONES

DELEGACIÓN DE GALICIA
MODIKO
CONSEJO REGULADOR

OBRA NUEVA - REFORMA - REHABILITACIÓN - PROYECTOS
GESTIÓN Y FINANCIACIÓN - COMPRA-VENTA DE INMUEBLES

Morales Hidalgo, 4 Bajo 36860 PONTEAREAS - T. 986 04 51 51